ESTUDO DE CUSTOS

Artigo 10.2.d) do Decreto 229/2020, do 17 do decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN AMBULATORIA CON NENOS, NENAS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL E DESPROTECCIÓN, (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO BS214D)

Para a determinación da estrutura de custos que determina o prezo do programa tívose en conta todos os compoñentes do programa, destinados en último termo a satisfacer as necesidades persoais dos nenos, nenas e adolescentes, segundo se especifica no prego de prescricións técnicas.

Os conceptos que se teñen en conta para a estimación do custe do programa son os seguintes:

a) Custos de persoal técnico e de xestión administrativa: aplícanse as contías retributivas previstas no V Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores, segundo corresponda, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2026.

b) Gastos correntes da entidade (arrendamento de locais, subministracións, mantemento, material técnico, dietas e desprazamentos, xestión e administración...).

Os custos estimados para o programa fixan unha contía que evoluciona durante a duración do concerto de acordo coas subidas salariais definidas nos convenios colectivos estatais que resultan de aplicación, e considéranse suficientes para soportar a actividade da entidade adxudicataria segundo o establecido no prego técnico.

O cálculo dos custos salariais resulta da suma do salario base e complementos (14 pagas), de acordo co establecido no V Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores. A estes custos engádese o custo dos impostos que corresponden, seguros sociais, antigüidade, cobertura de vacacións, permisos e licenzas, etc.

Os seguintes cálculos recollen os ditos conceptos, no ano 2026 e seguintes, por cada tipoloxía de posto de traballo que integra o equipo do programa:

2026

POSTOS	Salario Base	C. Espec.	SALARIO 14 PAGAS	TRIENIOS	COMPLEMENTO COORDINACIÓN	TOTAL	CUSTE POR HORA
Psicólogo clínico (grupo 1A)	1.705,75	168,28	26.236,51	1.120,00		27.356,51	15,89
Administrativo/a (grupo 2)	1.238,91	153,29	19.490,70	1.120,00		20.610,70	11,97
Complemento coordinación do equipo (1A)					1.049,95	1.049,95	0,61

O complemento de coordinación aplícase a un/unha psicólogo/a (1A) que, ademais das súas funcións técnicas, asume a coordinación do equipo do programa. O dito importe determínase, para cada anualidade, pola diferenza entre o nivel retributivo de Coordinación, escala A, establecido no anexo 2 (táboas salariais 2026-2029) do V Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores para o grupo "resto de centros, programas e

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: beAx218gKde2 https://sede.xunta.gal/cve

recursos", e o salario base do grupo profesional 1A (psicólogo/a clínico/a) correspondente a esa mesma anualidade. Ao tratarse de dúas táboas salariais que evolucionan de forma independente ano a ano, a diferenza entre ambas (o complemento) non ten por que incrementarse de forma continuada, podendo reducirse nalgunha anualidade se o salario base do grupo 1A se incrementa en maior proporción que o nivel retributivo de coordinación, como sucede entre os anos 2027 e 2028.

O cadro anterior recolle os importes salariais (salario base, complemento específico, trienios e complemento de coordinación, se procede) sen incluír o custo da seguridade social a cargo da entidade empregadora. Para obter o custe real de persoal que soporta o programa, a estes importes engádeselles o custo da seguridade social, estimado no 33% sobre o importe salarial. O seguinte cadro amosa, para cada posto e anualidade, o importe salarial, o custo da seguridade social e o custe total, xa incluídos ambos os conceptos:

Custe anual de persoal, incluída a seguridade social (33%):

POSTO	ANO	SALARIO (14 pagas + complementos)	SEGURIDADE SOCIAL (33%)	TOTAL
Complemento de coordinación (1 persoa)	2026	1.050,42 €	346,64 €	1.397,06 €
Complemento de coordinación (1 persoa)	2027	1.153,74 €	380,73 €	1.534,47 €
Complemento de coordinación (1 persoa)	2028	912,66 €	301,18 €	1.213,84 €
Psicólogo/a clínico/a (1A) – equipo (4 persoas)	2026	109.450,32 €	36.118,61 €	145.568,93 €
Psicólogo/a clínico/a (1A) – equipo (4 persoas)	2027	119.093,52 €	39.300,86 €	158.394,38 €
Psicólogo/a clínico/a (1A) – equipo (4 persoas)	2028	125.706,00 €	41.482,98 €	167.188,98 €
Administrativo/a (1 persoa)	2026	20.612,34 €	6.802,07 €	27.414,41 €
Administrativo/a (1 persoa)	2027	22.695,96 €	7.489,67 €	30.185,63 €
Administrativo/a (1 persoa)	2028	24.021,90 €	7.927,23 €	31.949,13 €

Estes importes anuais son os que se prorratean en función dos meses de vixencia de cada anualidade (2026 - medio mes, 2027 - 10 meses, posibles prórrogas 2027 - 2 meses e 2028 - 4 meses) para obteren os importes que figuran no seguinte cadro de custe de persoal por anualidade.

Para o cálculo da antigüidade tomouse como referencia o cadro de persoal que vén prestando o servizo na actualidade e a estimación do que podería prestalo no futuro.

O equipo do programa está integrado por 1 coordinador/a do equipo educativo, 4 psicólogos/as clínicos/as (1A) e 1 administrativo/a, para a atención dun número estimado de 90 persoas usuarias ao ano no conxunto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O seguinte cadro establece o custe de persoal estimado para cada anualidade de execución do programa por posto de traballo:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: beAx218gKde2 https://sede.xunta.gal/cve

CUSTES PERSOAL	Nº PERSOAS	HORAS ANUAIS/COMPLEMENTO	2026 (medio mes)	2027 (10 meses)
Coordinador/a do equipo educativo	1	1.722	58,21 €	1.278,73 €
Psicólogo/a (1A)	4	6.888	6.065,37 €	131.995,32 €
Administrativo/a	1	1.722	1.142,27 €	25.154,69 €
TOTAIS			7.265,85 €	158.428,74 €

Posibles prórrogas:

CUSTES PERSOAL (POSIBLES PRÓRROGAS)	Nº PERSOAS	HORAS ANUAIS/COMPLEMENTO	2027 (2 meses)	2028 (4 meses)
Coordinador/a do equipo educativo	1	1.722	255,75 €	404,61 €
Psicólogo/a (1A)	4	6.888	26.399,06 €	55.729,66 €
Administrativo/a	1	1.722	5.030,94 €	10.649,71 €
TOTAIS			31.685,75 €	66.783,98 €

Polo que respecta ao gasto corrente, inclúe os custos derivados do funcionamento da provincia de Pontevedra:

CONCEPTO	PONTEVEDRA
Gastos correntes habituais:	
Arrendamento locais	18.000 €
Auga, luz, teléfono	8.400 €
Produtos de limpeza e aseo	900 €
Primas de seguros	2.500 €
Servizo de limpeza	7.900 €
Mantemento informático	1.200 €
Outros gastos correntes habituais	1.000 €
Variables:	
Material de oficina	1.500 €
Contratos de renting	550 €

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: beAx218gKde2 https://sede.xunta.gal/cve

Reparacións, conservación y mantemento	1.100 €
Material psicotécnico e bibliografía técnica	1.100 €
Actividades con NNAs	2.500 €
Fotocopias	1.200 €
Gastos de difusión do programa	1.100 €
Outros gastos extraordinarios	2.000 €
Gastos de combustible transporte equipo e NNAs	1.500 €
Rec. médicos e prevención da saúde laboral	700 €
Axudas de custo e desprazamentos	2.500 €
Xestión e adm.: asesoría laboral, auditoría, etc.	2.600 €
TOTAL GASTOS CORRENTES	**58.250 €**

Deste xeito, o custe do programa, tendo en conta os anteriores conceptos (custos de persoal e gastos correntes prorrateados en función dos meses de execución de cada anualidade), resúmese na seguinte táboa na que se indica a distribución en anualidades (sen IVE):

2026 (medio mes)	**2027 (10 meses)**	**TOTAL**
9.692,93 €	206.970,40 €	216.663,34 €
Importe mensual		
19.385,87 €	20.697,04 €	

Posibles prórrogas		
2027 (2 meses)	**2028 (4 meses)**	**TOTAL**
41.394,08 €	86.200,65 €	127.594,73 €
Importe mensual		
20.697,04 €	21.550,16 €	

Valor estimado:

Para a determinación do valor estimado do concerto social aplicouse supletoriamente o indicado no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Incluíronse os importes das

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: beAx218gKde2 https://sede.xunta.gal/cve

anualidades comprendidas entre 2026 (medio mes) e 2027 (10 meses), así como as posibles prórrogas das anualidades comprendidas entre 2027 (2 meses) e 2028 (4 meses).

A estas cantidades engádense as posibles modificacións que, de acordo co artigo 28 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, poderase variar a contía dos servizos contratados, sen que o incremento poida superar o 50%.

A distribución de anualidades é a seguinte:

ANUALIDADES	TOTAIS (sen IVE)	Posibles modificacións (50%)	Total + modificacións
2026 (medio mes)	9.692,93 €	4.846,47 €	14.539,40 €
2027 (10 meses)	206.970,40 €	103.485,20 €	310.455,60 €

ANUALIDADES	Posibles prórrogas (sen IVE)	Modificacións prórrogas (50 %)	Total prórrogas + modificacións
2027 (2 meses)	41.394,08 €	20.697,04 €	62.091,12 €
2028 (4 meses)	86.200,65 €	43.100,32 €	129.300,97 €

TOTAL VALOR ESTIMADO
516.387,10 €

O importe medio anual (sen IVE) resultante é de 247.615,24 €, e a garantía definitiva esixida á entidade adxudicataria ascende a 10.833,17 €.

O artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, contempla que a exención se estenderá as prestacións de servizos e entregas de bens directamente relacionados cos servizos de protección á infancia e a xuventude en favor de persoas menores de 25 anos de idade (apartado 8.a), sempre que estas prestacións se realicen por entidades ou establecementos privados de carácter social. En consecuencia, estímanse as contías con e sen este imposto. Non obstante, dadas as características do concerto social, considérase o máis probable que este se adxudique a unha entidade que non soporte o IVE.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

Asinado por: JACOBO JOSE REY SASTRE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 15/10/2026 14:24:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: beAx218gKde2 https://sede.xunta.gal/cve